

Acta da Comisión Permanente Extraordinaria do día 20 de novembro de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 20/11/2019.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 20/11/2019.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 30 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se trata o único punto na orde do día:

- Aprobación, se procede, de informe favorable á proposta da empresa CAOLINES DE VIMIANZO para a concesión do XIII premio Santa Bárbara 2019 que convoca a Cámara Mineira de Galicia.

A Directora sinala que a Cámara Oficial de Minería de Galicia convoca anualmente o “Premio de Comunicación Santa Bárbara”. Na edición deste ano solicitouse á Escola que valorase o apoio á candidatura a este Premio presentada por CAVISA. A Directora sinala que CAVISA colabora de xeito continuado coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, recollendo estudantado de prácticas e facilitando a visita do alumnado do centro ás súas instalacións. Por último, destaca as características da empresa que, ao seu entender, a fan merecedora da proposta:

- ✓ Referencia a nivel europeo de actividades sostibles, publicadas no *Circular Economy Report* de IMA Europe en Outubro de 2018.
- ✓ Primeira empresa nacional e galega certificada na UNE 22.480:2019 de Xestión Mineira Sostible, preludio da futura ISO dedicada.
- ✓ Sistema de xestión certificado conforme a 9001:2015 e 14001:2015, e a certificación *Ecocert Cosmos*.
- ✓ Implantación voluntaria do Plan de Igualdade e dos Protocolos de actuación fronte o Acoso e fronte a Violencia de Xénero.
- ✓ Visitas didácticas e turísticas ás instalacións coordinadas con Institucións educativas e Concellos. Asalto ao Castelo.
- ✓ Compromiso Costa da Morte, Marca TerrAtlántica- Costa da Morte, Membro BNI-Dolmen Costa da Morte.
- ✓ Membro de *IMA Europe*, de AINDEX, da COMG.

A Comisión acorda, por asentimento, informar favorablemente a proposta da candidatura da empresa CAOLINES DE VIMIANZO para a concesión do XIII premio Santa Bárbara 2019 que convoca a Cámara Mineira de Galicia, na súa modalidade de Comunicación.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte de novembro de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 20/11/2019

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 20/11/2019

Asistentes á Comisión Permanente do 20 de novembro de 2019
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
María Araújo Fernández
Profesorado
Fernando García Bastante
Teresa Rivas Brea
ESTUDANTES
Laura Andrés Herguedas
PAS
María del Carmen Romo Pérez

Desculpa a súa ausencia: Carmen Pérez Pérez.